



EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO
Tlfn. 982524003/Fax: 982507421
Praza do Concello,1
27740 Mondoñedo (Lugo)
concellomondonedo@gmail.com

BASES VIII PREMIO DE POESÍA MANUEL LEIRAS PULPEIRO

O Concello de Mondoñedo co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, convoca o VIII Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro, que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA.

Poderá concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola RAG.

SEGUNDA.

Os poemas serán orixinais e inéditos tanto en soporte impreso coma dixital e non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior á deliberación do Xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións nas obras premiadas significaría a anulación das adxudicacións, procedendo o Xurado a formular de novo as propostas de adxudicación ou declarando deserto o premio.

TERCEIRA.

As composicións terán unha extensión máxima de 150 versos e serán de tema libre.

CUARTA.

Deberán presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo.

QUINTA.

Os orixinais non poderán ir asinados nin levarán inscrición ningunha que puidese suxerir o nome do autor ou autora, sendo presentados cun lema e título.

En sobre á parte e cerrado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor ou autora, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI polas dúas caras ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia na folla correspondente á persoa que se presenta a concurso.

O Xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base.

SEXTA.

O prazo de admisión de orixinais remata o día 10 de setembro de 2019, considerándose incluídas neste prazo as obras que, enviadas por correo, presenten selo postal de orixe con esta ou anterior data.

As obras deberán enviarse ao seguinte enderezo:

Concello de Mondoñedo
Praza do Concello, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

Coa indicación:

VIII Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro.

SÉTIMA.

O Xurado, que estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do concello con voz e sen voto que actuará como secretario, fará pública a súa deliberación a comezos de outubro de 2019.

A decisión do Xurado darase a coñecer nos distintos medios de comunicación e a mesma será comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado.

A entrega do premio terá lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do Xurado para a obtención dos premios ou non tivesen a categoría suficiente, poderán declararse desertos.

OITAVA.

Este concurso consta de tres premios:

Primeiro premio: 1.500 Euros, Placa e Diploma.

Segundo premio: 600 Euros, Placa e Diploma.

Terceiro premio: 300 Euros, Placa e Diploma.

NOVENA.

Os orixinais que obteñan premio pasarán a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Traperero de Mondoñedo, podendo ser editadas pola mesma ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor.

De desexar o autor facer uso dos textos premiados para a súa publicación, deberá solicitar permiso ao Concello de Mondoñedo. De serlle concedido, o autor comprométese a facer constar na publicación, expresamente, que os textos foron distinguidos no Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro.

DÉCIMA.

O importe do premio enténdese íntegro e, polo tanto, suxeito a retencións a conta, derivadas da aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

UNDÉCIMA.

Os premiados serán invitados, expresamente, ao seguinte recital de *Mondoñedo é Poesía* que se celebra na cidade cada 1 de maio.

DUODÉCIMA

As obras non premiadas serán destruídas xunto ás plicas, non admitíndose peticións de devolución.

DÉCIMO TERCEIRA.

A deliberación do Xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como a decisión adopte o Concello de Mondoñedo para que as mesmas poidan ser interpretadas e aplicadas.